

Francisco Rodríguez, candidato socialista á Alcaldía de Ourense

“Os barrios son o eixo da vida da maioría dos ourensáns”

• ¿Que quere vostede para a cidade de Ourense?

- Quero facer da cidade de Ourense a capital cosmopolita e europea que é. Esta é unha das máis antigas poboacións vivas da Unión Europea, con máis de 2000 anos de historia, e á vez unha cidade vibrante, cabeza económica dunha provincia fascinante, co maior patrimonio monumental de España e cun dos mellores espazos naturais da Península. Temos que desterrar o complexo de provincianismo que moitos anos de estereotipos foron asentando sobre o concepto de “ourensán”.



• ¿Que característica persoal destacaría de vostede mesmo?

- Eu, antes que nada, considérome unha persona cercana e que valora moito a amizade. E que estima a honradez por riba de todo. Pódelle preguntar a todos os que me coñecen. Xa sei que en política, para moitos esta palabra non significa nada, pero para min sí. O meu carácter non é o dunha persona desas que van por ahí, na campaña electoral, apertando a todos cantos atopa como se os coñecera de toda a vida, e logo “si te vin, non me lembro”. O cinismo non vai comigo.

“Eu quero moito a esta cidade, e quéroa para servíla, non para aproveitarme dela”

• Vexo que é vostede un auténtico ourensanista...

- Eu quero moito a esta cidade, e quéroa para servíla, non para aproveitarme dela. Quero que, dentro de Galicia, Ourense sexa un sitio distinto, pero para ben, non para saír un día si e outro tamén nos medios de comunicación polas sospeitas sobre algún político, senón pola súa potencialidade.

• ¿É como é ese Ourense que soña?

- É unha cidade cun alto nivel de calidade de vida, cun transporte metropolitano barato que faga mellor o día a día de todos os veciños que veñen dende os concellos limítrofes, pero tamén que retire grande parte do tráfico das rúas. Unha cidade lustrosa, bela, moderna, pero non só no centro, senón tamén non barrios, unha cidade para o disfrute de todos.

• ¿Considera que os barrios están discriminados respecto ó centro?

-Os barrios son o eixo da vida da maioría dos ourensáns, e como tales o esforzo municipal tense que volcar neles. Comigo como alcalde non haberá rúas sen luz, polas que dá medo ir de noite, un feito insólito para o século XXI que aínda é habitual nalgúns dos nosos barrios. E non haberá zonas sen servizo de recollida de basuras, como acontece en áreas non moi lonxanas do centro, ou cun mobiliario urbano deficiente ou mesmo inexistente.

“Desexo un Ourense moderno, europeo e cosmopolita”

• Algúns vaticinan unha campaña electoral “quente”, con tantos temas de urbanismo e irregularidades sobre a mesa...

- Nós queremos construír un Ourense moderno, como xa dixeran, europeo e cosmopolita, e en troques do que esperan moitos, imos sorprendere coas nosas propostas. Temos ideas frescas, novas, modernas, temos as ideas que Ourense necesita para despegar definitivamente no século XXI. Sobre as irregularidades urbanísticas, só quero dicir que un alcalde é o primeiro representante do Estado de dereito na cidade, e polo tanto ten que velar polo cumprimento da legalidade.

• ¿E que propostas concretas para a cidade está xestionando agora mesmo para cando sexa alcalde?

- Xa lles falei do transporte metropolitano. Veño de acadar o total respaldo da conselleira de Política Territorial da Xunta de Galicia para que o billete de autobús se reduza nun 40%, e ademais, como o uso do bus crecerá moitísimo, deixarán de entrar na cidade miles de coches tódolos días. Eso significará menos contaminación, menos tráfico e menos estrés para os nosos veciños.

• Calidade de vida...

- Efectivamente, ese é o obxectivo. Moita máis calidade de vida para os ourensáns, un medio ambiente máis limpo, con moitas menos emisións de CO2 na cidade. Son as medidas que farán un ourensés mellor, como a de recuperar a cidade para os espazos cidadáns, é dicir, máis parques, especialmente nos barrios.

❑ ENTREVISTA co CANDIDATO..... 1

❑ COÑECE á CANDIDATURA.....2

❑ ESTADIO O COUTO.. 3

❑ AVANCE PROGRAMA SOCIALISTA.....4



ANA GARRIDO

- ❑ Licenciada en Filosofía e Letras e en Xeografía e Historia.
- ❑ Profesora no IES Eduardo Blanco Amor
- ❑ Máis de 30 anos de experiencia na docencia.



AGUSTÍN FERNÁNDEZ

- ❑ Licenciado en Ciencias Económicas.
- ❑ Xefe de Unidade Rexional de Inspección da Axencia Estatal da Administración Tributaria do Estado dende hai 24 anos.



AUREA SOTO

- ❑ Licenciada en Arquitectura e Concelleira de Urbanismo no Grupo Municipal Socialista
- ❑ Colabora con Emuvissa, empresa municipal de vivenda e solo do Concello de Santiago.



DEMETRIO ESPINOSA

- ❑ Enxeñeiro T. en Mecanización Agraria e Construcións Rurais, Técnico en Avaliación do Impacto Ambiental, Auditoría Ambiental e Recuperación de espazos degradados.
- ❑ Dirixe o Gabinete ACEA-Enxeñería.



MARGA MARTÍN

- ❑ Licenciada en Psicoloxía e Concelleira de Servizos Sociais no Grupo Municipal Socialista.
- ❑ Psicóloga do Gabinete de Orientación Familiar da Vicepresidencia da Xunta.



ANTONIO RODRÍGUEZ

- ❑ Licenciado en Dereito e Funcionario do Corpo Nacional de Policía.
- ❑ Secretario de Organización do PSDeG-PSOE en Ourense e responsable do Comité de Campaña nas Municipais do ano 2003.



MARÍA DEVESEA

- ❑ Auxiliar de Enfermería dende fai máis de 25 anos, traballa no CHOU
- ❑ Delegada de Sanidade da UXT e vicesecretaria local do Grupo Municipal Socialista.



MARÍA QUINTAS

- ❑ Diplomada en Maxisterio e Concelleira de Cultura do Grupo Municipal Socialista.
- ❑ Profesora de Xeografía e Historia e Directora do Colexio Cardenal Cisneros.



ALFONSO VILACHÁ

- ❑ Diplomado en Maxisterio, especialista en Educación Física e Filoloxía Inglesa.
- ❑ Profesor no CEIP de Vistahermosa e Entrenador Nacional de Fútbol e Fútbol Sala.



FRANCI STELLA ESTRADA

- ❑ Doutora en Ciencias Biolóxicas.
- ❑ Investigación Científica sobre a Histoquímica do sistema nervioso e Escritora.



ANTONIO BLANCO

- ❑ Técnico Superior en Electromecánica.
- ❑ Profesor na antiga Universidade Laboral.
- ❑ Máis de 25 anos de experiencia na docencia.



M^a TERESA TABOADA

- ❑ Funcionaria de Carreira do corpo xeral da Administración do Estado dende 1992.
- ❑ Traballa na Delegación Provincial de Traballo no Servizo de Promoción de Emprego.

*Ilusión,
profesionalidade,
paridade, confianza,
compromiso, traballo,
transparencia, progreso
e FUTURO.*



J. RAMÓN FERNÁNDEZ

- ❑ Diplomado en Técnicas de Tributación e Dereito Tributario.
- ❑ Director administrativo e financeiro dunha importante empresa de construción ourensana.



OURENSE - BARRIO A BARRIO - O COUTO

O Partido Socialista en Ourense aposta pola rexeneración, humanización e recualificación do Couto

O Estadio de Fútbol precisa dun plan de rehabilitación especial pola súa situación no corazón do barrio



O obxectivo é crear en Ourense un contorno similar ó de Riazor

O PSdeG-PSOE de Ourense pretende centrar o seu proxecto nos barrios da cidade. **“Convertilos en novos centros neuráxicos, con acabados similares ós do centro de Ourense”** explica Francisco Rodríguez. No caso de O Couto, trátase dun proxecto moi ambicioso, de rexeneración, humanización e recualificación de toda a zona. O futuro goberno de Ourense prestará unha especial atención o contorno do Estadio do Couto coa mellora das rúas, creación de zonas verdes, parques e rehabilitación de tódolos arredores.

“O obxectivo é conseguir modernizar e reestructurar a zona para que quede similar ó contorno do Estadio de Riazor, con tódolos servizos e os atractivos que require un estadio integrado nun barrio” asegura o candidato socialista á Alcaldía de Ourense.

Durante os doce anos de goberno popular, os barrios foron os grandes olvidados. **“A humanización e embelecemento do Couto axudará a dar un novo impulso a área comercial da zona”**

O próximo goberno desta cidade tamén adicará unha atención especial ó adementamento da Avenida de Portugal, e das rúas Jesús Soria, Remedios, Ramón Puga..., nas que se incluírán arboredas, bancos, iluminación adecuada.

“O Barrio do Couto pola súa situación, tan cercana ó centro da cidade, ó igual que o río Barbaña no seu paso polo corazón desta zona, han de ser fundamentais para o desenvolvemento global de Ourense”

“Imos converter o Estadio do Couto e os seus aledaños nunha especie de Riazor ourensán”

“O Río Barbaña debe ser a arteria principal pola que circule a vida do barrio”

“O proxecto socialista potenciará o desenvolvemento da área comercial de O Couto”



OURENSE - BARRIO A BARRIO - O COUTO

Francisco Rodríguez avanza o Programa Socialista para o barrio de O Couto

O proxecto inclúe a creación de 500 vivendas de Protección Autonómica, a creación da ronda oeste e a rexeneración do río Barbaña


CREACIÓN DA RONDA OESTE



A Avenida de Portugal deixará de estar colapsada de tráfico

Para desconxestionar o tráfico da Avenida de Portugal, o futuro equipo de goberno traballará na creación da ronda oeste da cidade, que enlazará o Barrio do Couto na zona de Rabo de Galo coa Avenida de Zamora. **“Esta actuación permitiranos desviar parte do tráfico da Avenida de Portugal a esta ronda, e ó mesmo tempo centrarnos no traballo de urbanización do contorno desta zona”**, explica Francisco Rodríguez.

APARCADOIRO E BOULEVARD NA N-525



Un aparcadoiro e un boulevard impulsarán a zona comercial do barrio

Dentro do programa de rexeneración do barrio atópase o proxecto de humanización da N-525 no seu paso polo Couto. Apostarase pola **creación dunha zona boulevard, con beirarrúas, arboredas, e iluminación**, para o disfrute dos cidadáns.

Ademais está prevista que nunha área de reparto, situada no contorno do Estadio de Fútbol, a **creación dun aparcadoiro**.

RIBEIRAS VERDES NO BARBAÑA



As ribeiras do Barbaña tinguirán de verde a cidade

Ribeiras verdes para o río Barbaña no seu paso polo barrio do Couto. Crearase unha banda verde con arboredas pegadas ó río, **“con ribeiras non tan urbanas e cementadas, senón máis adaptadas ó que nos piden as normativas europeas, ou sexa, ribeiras adecuadas o seu estado orixinal”** afirma o candidato socialista á Alcaldía de Ourense.

O CENTRO DE SAÚDE DO COUTO

O futuro Goberno desbloqueará a creación do Centro de Saúde de O Couto, que xa conta coa creación do Plan Funcional, no que se recolle a estrutura e funcionamento do centro.

“Buscaremos os terreos máis adecuados para que no prazo de dous anos o centro de saúde sexa unha realidade” asegura Francisco Rodríguez, a quen a Conselleira de Sanidade, María José Rubio, manifestoulle nunha visita a Ourense a súa vontade de construír este Centro de Saúde no menor tempo posible.

GRAN PARQUE DEPORTIVO

O PSdeG-PSOE creará en cada barrio parques especializados en función da actividade e dos seus usuarios, que na súa gran maioría ata o de agora teñen que desprazarse para poder practicar o seu deporte favorito.

Para o Couto está previsto a **creación dun gran parque adicado ó exercicio para o cidadán**, con pistas que inclúan circuitos deportivos, similares ós xa existentes en Oira.

OUTROS PROXECTOS

❖ **Creación de 500 vivendas de Protección Autonómica** neste barrio nun período de 4 anos. O proxecto desenvolverase dentro do Plan de Vivenda pública que xestionará o futuro Goberno de Ourense.

❖ **Centro Cívico e Social de O Couto – A Carballreira.**

❖ **Escola Infantil Municipal e Ludoteca.**